

MESA DE DEBATE SOBRE O NOVO CINEMA GALEGO

(TRANSCRICIÓN)

IAGO SEOANE

Play Doc | Tui | Domingo, 17/3/13

VÍCTOR PAZ: Ola. Boa tarde. Grazas por estar aquí neste debate sobre cinema galego, un debate que queremos que sexa aberto a todo o que está a acontecer co cinema en Galicia, nomeadamente co cinema documental, pola parte que nos toca. Pero é evidente que nos últimos meses, afortunadamente, estamos vendo como moitos filmes están saíndo fóra, alén das nosas fronteiras, moitos deles representados na nosa Sección de Galicia, que este ano está especialmente ben nutrida.

E precisamente por esas circunstancias queríamos este ano falar de que está a acontecer, de que está a pasar por aquí, o porqué desta efervescencia, de onde vén, cara a onde vai. E que é isto que chamamos o cinema independente galego actual.

Para falar destes temas, temos aquí uns convidados de excepción. Esta vai ser unha charla aberta, podedes participar todo o mundo. Manolo González estará moderando este debate. Sabedes que é historiador de cinema, e ademais foi unha das pedras angulares da desaparecida *Axencia Audiovisual Galega*. Representando dalgún xeito á crítica, acompañao Martin Pawley. Tamén Lois Patiño, que ten o filme *Montaña en sombra* este ano na Sección Galicia. O ano pasado tamén estivo con outras películas, e xa case é un habitual do festival. Xan (Gómez Viñas), que ten, cremos, unha das grandes películas galegas do ano. Non poñas esa cara que é certo... (risas). E Belí Martínez, como produtora, esa muller que parece estar en todos os proxectos (risas), e que este ano vén como produtora de *Arraianos*, que tamén puidestes ver na Sección Oficial. E non quero enlearme moito máis, simplemente cédolle a palabra a Manolo, e espero que sexa un debate interesante e que, por favor, participedes. Grazas.

MANOLO GONZÁLEZ: Moi boas tardes a todos e a todas. Moitísimas grazas por vir aquí esta tarde medio soleada. Estamos todos. Penso que nos coñecemos case todos os que estamos nesta sala, co cal, eu vos pregaría que participaredes na medida do posible, que non fose unha mesa unidireccional, senón que dende aí, cando consideredes oportuno

participar e contestar a algunha afirmación que se faga dende esta banda, que o fagades. Un podía facer un pequeno *flashback* da historia do documental en Galicia. E aproximadamente, hai uns mil documentais producidos dende o ano 70 para aquí. Aproximadamente uns mil documentais, non vamos poñer para arriba ou para abaixo, pero vos aseguro que a cifra é bastante exacta. Deses mil, aproximadamente 250 –264 para ser exactos–, duran máis de 50 minutos. Os demais son curtametraxes documentais, feitas a maioría nas décadas dos 80 e 90. Desas 250, digamos, «pezas maiores», a meirande parte, o noventa e pico por cento, son produtos feitos directamente para a televisión. Son o típico formato de 50 minutos que as produtoras galegas facían en certos momentos, depende da época, depende do tempo, de quen está ao fronte da televisión. Pero ben, se vos lembrades, tamén hai ben pouquiño había un nicho, dentro da programación da TVG, que era *Galicia documental*, que o botaban os sábados despois do xantar, e sempre estaban este tipo de pezas aí.

Pero, en xeral, podemos ver –todos os que estamos aquí o sabemos–, que nestes últimos anos están agromando unha serie de propostas documentais radicalmente diversas, distintas, moi diferentes das que acabo de sinalar. Son propostas que camiñan cara a horizontes non convencionais, que transitan e se comunican en pé de igualdade con propostas similares que se fan no resto do planeta, e teñen unha gran diversidade temática e formal. A min gústame utilizar a palabra «cinema-diversidade. Porque realmente creo que do que estamos todos aquí convencidos é de que hai proxectos moi distintos e moi diversos, é iso é xustamente o que o fai interesante, é como se se abrise unha porta, e a través desa porta empezaran a agromar propostas, miradas documentais moi diferentes.

E ben, non quero dicir máis, xa chega de abondo. Así que empezamos... Podemos comezar con preguntas ao aire.

Xa que se fala de «Novo Cinema Galego», esa etiqueta creada, digamos, como técnica de *marketing*, isto é, para vender este conxunto heteroxéneo de propostas... vós pensades que este Novo Cinema Galego ten algún tipo de denominador común, algo que os vincula?. En fin, como vedes esta etiqueta dende esa perspectiva? Hai propostas, unidade temática, liñas que camiñan nun sentido similar, ou simplemente son propostas nas que cadaquén busca con liberdade, digamos seguindo o seu propio camiño, a súa expresión?. Como vedes iso? Pensades que hai algún tipo de unidade?

MARTIN PAWLEY: Eu só son un dos culpables da etiqueta, nada máis, non da análise. Deberían falar máis ben os creadores, se se senten cómodos dentro desa etiqueta, e que liñas comúns poden ver, con traballos do mesmo momento e do mesmo país.

Eu creo que o principal elemento de conexión é que son autores que están facendo obras que conviven en pé de igualdade con outras que se fan no resto do planeta. Ese é o elemento verdadeiramente significativo. É a primeira vez, dende logo no ámbito cinematográfico, pero tamén me atrevería a dicir que no ámbito da cultura en xeral, que Galicia é como un motor de creación cultural, chega ao mesmo tempo que outros fenómenos que se están producindo no planeta, que non son só propios de aquí, senón que realmente teñen que ver cun cambio de paradigma en todos os sentidos no modelo de produción, de exhibición, de reflexión sobre o cinema, que ata agora non se deran.

Primeiro, porque a historia do cinema en Galicia é unha historia errática e relativamente recente, e durante moitos anos moi vinculada a unhas obsesións comerciais e televisivas que serviron para algunhas cousas, pero que non permitiron moito ese cinema-diversidade que ti, Manolo, agradeces e reclamas. Eso é o elemento verdadeiramente significativo.

Xorde isto aquí porque xorde en todas partes e, por fin, hai xente que se dedica a facelo, probablemente porque ve ou se dá conta de que outras vías están esgotadas ou acabadas. Tamén porque hai vías polas que non se pode transitar, porque está todo cortado, non hai máis. Sería moi bonito dicir que efectivamente este agromar de creadores se deu polo entusiasta apoio das institucións públicas galegas, o entusiasta apoio da televisión pública, o entusiasta apoio da cidadanía que apoia masivamente as proxeccións e exhibicións dos filmes galegos, incluso os medios de comunicación que fan ese papel magnífico de laudatorio e de recoñecer a importantísima pegada que está tendo o cinema galego no exterior. Sería moi bonito dicir todo isto, pero sería falso.

Xustamente como nada disto sucede, ou moi poucas cousas destas suceden, pois eu creo que é o momento de que moitos creadores se tiren directamente á piscina, e que fagan o que queren en completa liberdade, porque, total, non teñen moito que perder, e non hai por que pregarse ás condicións que marca un sistema que directamente os bota fóra. E nesas estamos realmente, eu creo que é a clave esencial.

BELI: Algo pasa. Iso é evidente. A etiqueta, funcionar, funciona, e como grupo, algunhas cousas si que teñen en común. O momento que comparten, os modelos de produción

parecidos, son alternativos ao que se estaba facendo. Unha ruptura total, ou nin sequera ruptura, porque non hai comunicación coa industria. Son dúas opcións as establecidas, e son totalmente diferentes.

As que aquí nos ocupan son creacións moi persoais. De feito algúns, incluso, son modelos de auto-produción. Este xurdimento tamén ten que ver co desenvolvemento da tecnoloxía, do dixital e todo isto. Así, hai características que son comúns: o dixital, a auto-produción, a cinefilia, a experimentación, a militancia... A militancia no sentido de representar o seu propio traballo, acudindo a festivais, pelexando por esa visibilidade e, sobre todo, buscando alternativas.

XAN GÓMEZ VIÑAS: Alén da coincidencia temporal e xeográfica, evidentemente, é un modo de facer cine que vai máis aló dos camiños trillados, que tenden, non necesariamente á non ficción, pero si cara a unha narración máis consciente, digamos que se desmarca do cine que intenta imitar ao *mainstream*. Porque aquí non chega a haber *mainstream*, senón copias normalmente fallidas. Dende o momento que saen as películas, e as analizas, e nos atopamos en festivais, si que atopamos certa coincidencia na forma de entender o cine. O que non creo que haxa é unha xeración como tal, creada a partir de algo concreto, como por exemplo nos novos cinemas dos anos 60. Iso non o hai, cada un vén da súa casa, e fai as cousas á súa maneira, diría que a maioría se formou fóra de Galicia, o cal creo que é bastante sintomático (refírome cinematograficamente). Polo que creo que é un grupo fragmentado, se é que se pode chamar grupo. Non obstante, na análise das súas películas, podemos atopar puntos en común.

LOIS PATIÑO: Lo que puede unir al grupo, que sí es muy diverso. No venimos todos de la misma escuela ni tenemos todos el mismo estilo, pero todos compartimos una misma actitud: la de tratar de explorar líneas nuevas de expresión en el lenguaje cinematográfico. También, gracias a que estamos en contacto, podemos ver las películas de vanguardia, las películas que están despuntando en los festivales. También el fenómeno internet y el acceso a las últimas películas, a la vanguardia. Estamos al tanto de ella y podemos dialogar y tratar de aportar nosotros algo, cada uno con su búsqueda personal. Porque está clarísimo que cada uno está con su propia película, su propia búsqueda personal, aunque bueno, ver películas como *Vikingland* o *Todos vós sodes capitáns*, eso es vanguardia. No es que estén fuera, sino que son películas que son vanguardia. Y sí me siento dentro, creo que sí que existe algo aquí, digamos

generacionalmente hablando. Todos estamos en un margen de 10 años de diferencia aproximadamente. Habría que analizar bien eso. Aparte, no tenemos el mismo estilo. Y no creo que cambiemos en nuestra actitud. No es para ganar dinero, no vamos a ganar dinero con esto, sino que es algo muy personal, que nos va la vida en ello.

MANOLO GONZÁLEZ: Por matizar, de todos xeitos a min lémbreme situacións vividas. Por exemplo, na década dos 80 existiu en Galicia un movemento que tamén tiña unha etiqueta e se chamaba «vídeo galego», e ese vídeo arrasaba e era vangarda a nivel do estado. Practicamente todos os festivais do mundo reclamaban o vídeo galego, e así foi en toda Europa. Algunhas das pezas producidas nos 80 recibiron premios como Monitech, o máis prestixioso da vídeo-creación na década dos 80. Había un montón de autores que tamén estaban buscando, experimentando cos novos trebellos tecnolóxicos. Umatic era daquela a tecnoloxía punta, e facían pezas de vangarda. Toda esa xeración, para ben ou para mal foi fagocitada, na súa meirande parte coa aparición da TVG, e acabaron na televisión de Galicia. Pero tamén foi unha etiqueta e unha xeración de xente importante e moi potente, e que tiveron realmente moita fortuna a nivel crítico e mesmo mediático. Na década dos 90 sucedeu algo parecido, tamén había unha xeración de xente que estaba facendo unhas pezas magníficas, ao abeiro da Escola de Imaxe e Son. Algunhas desas pezas documentais foron consideradas polos críticos de hai 10 anos como os mellores documentais producidos en Galicia *Vén a Bens, Julia Love...* En fin, están aí as listaxes. Toda esa xeración era moi prometedor, e estaba falando en pé de igualdade con outras de todo o mundo. Tamén remataron cando empezaron a traballar nas beiras da industria audiovisual como axudantes de produción ou como montadores, e non puideron desenvolver os seus propios proxectos. Eu pregúntome, estamos agora nunha terceira onda, unha terceira etiqueta? Porque, ademais, poderíamos estar a falar dunha etiqueta que existiu nos 70 co chamado Novo Cine Galego dos 70. Pero tamén existiu unha xeración de xente, parece como si estiveramos sempre así. Pregunto aos autores, especialmente aos que están na sala: se agora vén unha produtora moi potente e contrátavos para traballar nun produto de alto presuposto, ou traballando na TVG nunha serie documental... Imaxino que igual todos aceptades ese traballo e abandonades esa opción que estades agora mesmo defendendo... Como vedes ese asunto?

MARTIN PAWLEY: En calquera caso tampouco son cousas incompatibles. É perfectamente lexítimo que alguén poida facer producións consideradas de encargo e que ao mesmo tempo sexa capaz de facer proxectos máis libres, máis ambiciosos, máis

radicais. O que se queira. Volvo matizar que tamén é certo que en momentos puntuais houbo colectivos que facían cousas interesantes. O matiz é que agora son palabras maiores, non estamos falando do festival de Huesca, estamos falando de Cannes, Locarno, Rotterdam, Roma, BAFICI, FICUNAM, etc. Estamos falando de festivais internacionais.

O gran elemento verdadeiramente potente é que para un programador internacional unha película galega é unha boa película ou unha mala película. Pero non é unha película galega, nós podemos valorala como tal, porque nos queda máis preto, ou podemos incluso coñecer ou apreciar aos seus autores, pero para un programador do BAFICI, se pon as películas de Lois, ou *Arraianos* ou outra cousa, ponas porque pensa que teñen calidade suficiente, en comparación cunha película tailandesa, malaia, portuguesa ou de Canadá. E ese é o gran salto adiante. E que sucede? Nos últimos dous ou tres anos case podemos dicir que dentro da produción do estado, as películas con máis proxección internacional, están feitas por autores galegos, sexa *Todos vós sodes capitáns*, *Vikingland*, *Arraianos*, etc. Son dous premios FIPRESCI en dous anos, son festivais de enorme entidade, e isto nunca se deu, este gran salto adiante. É o que lle dá gran visibilidade.

E o feito de consolidarse así no tempo, pasar uns cantos anos e ver que non é flor dun día, un ano que houbo sorte e se chegou ao festival de Cannes. Pero non, é que hai xente, segue habendo máis obras e seguen chegando documentais de ficción, curtas e longas, e están adoptando posicións de privilexio. Creo que iso nunca se deu, pero non só no cinema, é que eu non coñezo ningunha arte, un campo artístico en Galicia. Na literatura nunca se dera tanta repercusión internacional. Digamos que teñas tantas obras xuntas en tan pouco tempo, que teñen esa notable repercusión internacional, nos contextos nos que corresponde. Evidentemente non falamos de popularidade *mainstream* nin cousa que se lle pareza. Pero si nos contextos críticos de programación, que son os que marcan tendencia, aí están os filmes galegos. e de feito xa empeza a haber máis xente que ten interese e curiosidade polo que se fai aquí.

BELI MARTÍNEZ: Retomando un pouco, eu creo que é interesante falar tamén das condicións de traballo. Falamos dun modelo alternativo, feito con moi pouco diñeiro, e que claro, non dá para vivir. E haberá que buscar. Dar clases, como pode ser no meu caso, ou no doutros, e tamén apostar por iso e buscar o tempo para crear. Que veña a televisión a contratarte é un pouco complicado.

MANOLO GONZÁLEZ: Xa, era unha hipótese. Por exemplo, Martin Scorsese e toda a xeración da década dos 70 facían unhas curtas súper-estrañas, demostrando que tiñan un gran talento, e a industria de Hollywood no seu momento foi por eles, e lles deu unha oportunidade a case toda esa xeración. Non é o caso da industria cinematográfica española ou galega, xa o sei. Pero iso sería nunha situación normal, na que teríamos a unha serie de persoas que están demostrando que teñen un talento comprobado, e que teñen, digamos, resultados empíricos, á hora de poñer en marcha as súas ideas ou prácticas artísticas. Se estiveramos nun contexto normal, a industria debería estar pelexándose por vós.

BELI MARTÍNEZ: Se fora un contexto normal... pero non queren comprar as nosas películas.

XAN GÓMEZ VIÑAS: É certo que este cine está acadando unha certa repercusión, pero non creo que existan as canles para que ninguén se vaia enriquecer con iso. Ten repercusión, pero non no punto de que alguén poda capitalizar o que se fai. Non creo que a televisión sexa necesariamente mala, nin necesariamente malo que che paguen ben por facer o teu traballo, paréceme ben. Outra cousa son os condicionantes que iso pon. Pero ben, non creo que facer cine en 35mm e con moitos medios sexa algo malo, pois penso que é unha opción lexítima, ten que convencer ao autor e ser consecuente consigo mesmo. Penso que vai máis por aí que coa bondade ou maldade da proposta, non sei.

LOIS PATIÑO: A mí lo que me gustaría es que me ofrecieran el dinero para hacer el proyecto que yo quiero. Eso sería lo idóneo. Luego, si tienes que hacer un trabajo «alimenticio» en vez de ponerte de camarero o algo así, hacer una película, pues bueno cada uno es libre de hacerlo. Pero yo creo que la idea sería que, si se está demostrando que ciertos autores están haciendo las cosas bien, que haya dinero para hacer los proyectos que ellos quieren. Por que nuestras películas también están representando. Dan a conocer Galicia, sirven también como embajadoras de Galicia. Entonces sería dinero para hacer nuestros proyectos...

MANOLO GONZÁLEZ: É outro dos temas dos que queremos falar, as condicións de produción e como esta porta se abriu. Cando naceron as axudas anticipadas en Francia no ano 58, existía alí un cine bastante esclerotizado, moi industrial, e Andre Malraux creou esas subvencións co obxectivo de, como dicía el mesmo, potenciar o cine como arte, o cine é esencialmente arte, e logo tamén é unha industria. Pero o obxectivo básico da aparición das subvencións e as axudas públicas aparecidas con Malraux no 58, foi

xustamente potenciar o cinema como arte, e de aí veu a «Nouvelle Vague». A Nouvelle Vague francesa apareceu grazas a unha política pública de apoio a novos cineastas franceses.

Aquí, o papel das institucións e das axudas públicas co chamado Novo Cinema Galego, penso que foi moi relevante, que ten algo que ver. Como vedes ese asunto? Eu por alusións prefiro non falar disto, pero penso que ten algo que ver.

MARTIN PAWLEY: Pois se facemos reconto das películas, quitando *Vikingland*, practicamente todas recibiron axuda dentro da convocatoria de talento e outras formas que tivo ao longo dos anos. É o gran cambio dentro da política de apoio institucional ao cinema. Crear unha liña de axudas orientadas directamente a creadores, de pequena contía, para que así tiveran máis flexibilidade, e que permitía un traballo máis sinxelo e asumible por creadores independentes, sen entrar dentro da estrutura, ás veces un pouco fosilizada, das produtoras convencionais. Ese é evidente que é o gran cambio.

Tamén inxustamente é o que agora estamos vendo, a ausencia desas axudas pode provocar un parón inevitable, ou polo menos relativo parón, pero tamén está pasando en Portugal, por exemplo. Portugal é probablemente a cinematografía que produce máis grandes películas en relación ó volume total de producións, en Europa polo menos. E xustamente produciu moitas grandes películas porque había unha aposta de axudas con claro contido cultural, e sobre todo porque os autores, ou moitos autores, asumiron que, posto que non hai público comercial abondo en Portugal, non se poden facer *Braveheart* portuguesas, como aquí algún produtor soñou con facer en Galicia. Pois o que hai que facer son películas que se vexan fóra e que teñan e transmitan a imaxe de cultura portuguesa no mundo. João Botello o di moitas veces. En Portugal se fai moi bo cine grazas a que non hai público. Probablemente se houberse un público portugués habería obsesión por conquistar ese público portugués, facendo produtos cada vez máis brandos. Isto tamén é discutible e relativo, pero algo de razón ten. Seguindo con Portugal, nos últimos anos, polas circunstancias que todos coñecemos, hai un parón severísimo no apoio público, e literalmente non hai películas. A produción córtase practicamente a cero, e estamos vivindo nos últimos meses os extractores dunha política de axudas que produciu grandes películas, algunhas se estrearon o ano pasado, e tamén está pasando un pouco isto en Galicia.

Moitos dos títulos que estamos vendo agora, son títulos que realmente se xestaron en 2010, 2011, ou incluso antes. Que se empezou a cociñar en 2012 ou que se vai a

empezar a cociñar en 2013? Pois vámolos ver o ano que ven. Algo vai haber seguro por que os autores descubriron que podían facer cousas igualmente, e que van seguir facendo cousas igualmente. Pero está claro que vai haber unha rebaixa, porque non hai diñeiro.

MANOLO GONZÁLEZ: Ben, haber hai, o que pasa é que se gasta noutras cousas....

MARTIN PAWLEY: Refírome a que non hai para estas axudas. Este tipo de apoio, ou o papel da televisión, do que tamén poderíamos falar moito. A televisión cubriu moitos anos a compra de documentais e de curtametraxes tamén. Permitted que moitos autores novos viran a súa obra emitida en televisión, e cobrando por iso, que actualmente é unha cousa case impensable en Galicia, cobrar pola obra. Iso tamén desapareceu ou morreu.

MANOLO GONZÁLEZ: Ben, en tempo de crise xa se sabe. Sempre estou comparando a xente do Novo Cinema Galego cos pequenos roedores, aínda que soe un pouco mal. Sempre falo dos pequenos roedores porque na época de crise os grandes dinosauros morren e os pequenos roedores sobreviven. Porque precisan para comer moi pouquiño. E poden sobrevivir, non?. Pregunto... Se a partir da crise e do desastre mencionado do chamado *mainstream*, aplicado a Galicia, pensades que se non hai axudas o novo cinema vai seguir subsistindo, seguindo facendo pezas interesantes?.

XAN GÓMEZ VIÑAS: Eu supoño que si. Subscribo o que dicía Pawley. Si pero moito menos. Igual hai que crear novas fórmulas de produción, alternativas absolutamente, incluso ás subvencións, que as permitan. Hai xente como Alberte Pagán que empezou facendo cine partindo de ter unha profesión que che permite o sustento. Hai esas posibilidades, evidentemente. O bo dese sistema era que permitía, eran axudas a un cine descentralizado, que non ían á gran empresa produtora, e de aí, creo que iso se transmite en moitos dos filmes. Penso que son filmes que dalgunha maneira non son debedores dun mandato empresarial. E se desaparecen, pois pode ser. Hai xente que empezou a facer cine e esa necesidade comeza a agromar. Pero hai que buscar outros sistemas que permitan facelo, e non é fácil. É unha expresión, un tempo e uns medios inevitables, entón supoño que habería que buscar outros xeitos organizativos.

BELI: Eu creo que o tema das axudas é un tema importante, que as houbera ou non. Aínda que ás veces as axudas danme medo, porque poden desvirtuar un proxecto, adaptalo a unha serie de requisitos, de puntos. Entón creo que habendo axudas ou non habendo, vai haber produción. Evidentemente con orzamento cero non real, porque todo

ten un custe, son moitas horas de traballo. E a busca de novas formas e novas ferramentas.

MARTIN PAWLEY: Cando se fala da importancia das axudas, pode dar un pouco esa visión de que «xa están aquí estes artistas pedindo vivir de la sopa boba». Como dirían así algúns da caverna mediática e a dereita convencional, non é só iso. Trátase de algo tan lexítimo e razoable como que en calquera lugar civilizado se apoie aos creadores en calquera ámbito, para que se formen e se equivoquen. Para que nesos primeiros pasos, efectivamente haxa moita xente que poda acceder a traballos de todo tipo. Non se trata de que alguén se leve 50 anos seguidos subvencións para facer películas, senón que polo menos algúns teñan algún día a posibilidade de facer algo, nas condicións óptimas nas que poden aspirar a facelo. Dentro de orzamentos moi reducidos, plans de producións moi pequenos. Pero que teñan tempo de pensar e para dedicarlle tempinho e pagar a algúns colaboradores e ese tipo de cousas. É bastante elemental e estamos falando de que o importe desas axudas, en comparación... eran cantidades ridículas.

MANOLO GONZÁLEZ: Cando empezamos coa idea das axudas, era o 8% de todo o orzamento dedicado ao audiovisual, eran as axudas ao talento, o 8%. Que vamos, non é unha cousa do outro mundo.

MARTIN PAWLEY: Iso nos bos anos...

MANOLO GONZÁLEZ: Si, era dun 8%, pero ese 8% provocaba que as empresas convencionais foran de uñas contra nós. Eu recordo páxinas dos periódicos poñéndonos a parir por iso, por dedicarlle un 8% das axudas públicas, a estes pelagatos, mangantes que viven do conto. En vez de á industria, a industria que son eles. Nós mantivemos o fío e seguimos co noso rolo, non nos cambiou ninguén. Evidentemente se fora por min lle daría o 25% ou máis, porque realmente o resultado do esforzo institucional dedicado ás axudas ao talento e as dedicadas á industria, é obviamente, nunha balanza... Os pesiños das axudas ao talento foron realmente moi rendibles dende o punto de vista institucional, nunca tan cativa inversión dera resultados tan espectaculares... Espectaculares falando no sentido cinematográfico e tamén a nivel mediático, e de presenza no resto do mundo audiovisual.

Porén, as axudas que se dedicaban a unha longa, con esa axuda facíamos 27 das outras. Pero o poder, e vouno dicir directamente, a rapiña das produtoras convencionais, é absoluta. É dicir, queren que ese 8% que se lle dá a estes «pringados», que vaia para

eles. Esa é a situación que se vai atopar o señor Sutil, que vai estar no seu despacho con grandes compañías e medios de comunicación que lle van estar dando a vara todo o día. Que veñen uns «chavalitos» que viven do conto e que a industria son eles.

Deberíamos facer un esforzo, non sei como nin de que maneira, para que esta maneira de facer estivera máis presente na sociedade. Necesitamos iso porque se non...

Logo o político ten que actuar. No caso que me tocaba a min, estaba convencido xa, a min non había quen me convencera. Pero me poño na pel doutro político e diría: «non, non, a min me interesa moito máis apoiar a todos estes porque saio na Voz, saio no Correo, apóianme tal e tal, e non con estes chavalitos que....»

MARTIN PAWLEY: Que saen no New York Times!

MANOLO GONZÁLEZ: Pero iso que é? E Locarno? Está en Brasil Locarno? Cousas así, que eu xa as vivín. Outra cousa é estar en Málaga, iso si que é un festival. Pero Locarno e Marsella? E temos que convencer dalgunha forma, non sei como. Pero ben, ti es crítico ademais de produtor.

MARTIN PAWLEY: Tantas cousas... Precisamente cando comezamos a «dar a vara» co do Novo Cinema Galego, xa antes co nome dalgún deles aquí presentes, o obxectivo era precisamente ese, que a etiqueta tiña moito de provocador porque as tres palabras que a formaban eran cuestionables, esa era a graza da etiqueta. Por aquilo de si é novo, o que quere dicir que hai algo vello, vello seguro, pero realmente merecía ser chamado sequera? Se é cinema ou se é en galego. Son as palabras que admitían debate, non? O obxectivo era tratar de buscar unha ferramenta, unha fórmula fácil de recordar e que acabase adheríndose, e que acabou facendo fortuna, non de forma inmediata, pero que acabou sendo manexada con certa naturalidade, e agora algúns medios falan de Novo Cinema Galego, como se levaran toda a vida convivindo con el e creran nese principio. Habería moito que falar ao respecto. Esa era a idea, darlle visibilidade pouco a pouco, sabendo, que neste oficio, cada espectador que gañas, logo non o perdes.

É un éxito e un triunfo, porque, a fin de contas, o non telo sempre de partida, o non dos poderes audiovisuais, en todos os sentidos, o non dos programadores da Televisión de Galicia, o non de moita xente. Hai que ver onde se poden poñer as películas, e cada individuo que sae medianamente contento, convencelo de que vaia a ver a seguinte. E ese é o obxectivo e o traballo, e é un traballo moi de rede, como se deben empezar a facer as cousas agora. Dunha maneira menos piramidal e máis horizontal.

E nese sentido, tamén está a confluencia de autores e de xente vinculada arredor deses autores. Ten que ver con iso, coa necesidade de apoio mutuo, da utilidade de sentirse reforzado no sentido de que «non son un tipo illado no mundo», senón que hai máis xente rara coma min, que iso é sempre algo moi reconfortante. E que efectivamente axuda, insisto, a ir gañando espectadores, que é obxectivo. E é evidente que hai máis espectadores. Son poucos, pero hai máis espectadores para o chamado Novo Cinema Galego hoxe que hai 3 anos. Pero igual hai 5 anos... Coñecíamos todos os nomes, e agora hai máis xente que ve cousas e ven cousas en sitios que antes era impensable ver ou falar deles.

MANOLO GONZÁLEZ: Que pensa Marcos Nine de todo isto?

MARCOS NINE: Eu, antes de nada, vou a tomar un dato que daba Manolo González ao principio, que é o da produción total de documentais en Galicia dende os anos 70 ata agora. Que é moi interesante, porque grazas a ese dato podo dicir que o meu traballo representa máis do 1%, así que podo falar con autoridade (risas).

Creo que a gran pregunta agora mesmo, e o que deberíamos poñer sobre a mesa, é debater a onde vamos, e a onde queremos ir. Xa temos varias cousas claras. Somos pequenos roedores, é algo que hai que ter en conta, e tamén que non vamos a desaparecer. A este ritmo, dentro de pouco eu representarei moito máis do 1% da produción de documental en Galicia, e seguramente toda a xente que se dedica á non ficción acabará superando esas cifras, porque a produción acabou. Temos claro que non podemos querer ensinar as nosas obras dunha forma convencional. Non podemos circunscribirmos á explotación que ten unha película. Non podemos aspirar a ir ás salas, porén urxe unha necesidade: temos que converter o noso traballo nunha actividade económica. Porque se non, o que está pasando é que vamos a quedar relegados ao *amateurismo*.

Está moi ben que algúns se dediquen ao ensino ou outra xente ten outro tipo de traballo. Pero temos que ser cineastas. Por encima de todas as cousas, iso implica rendibilizar o traballo que facemos. Iso non é algo que poida cambiar a partir dunha película, nin de dúas nin de tres. O que me gustaría pór enriba da mesa é: que podemos facer? Ou cara onde temos que ir? Para xuntar e converter isto nunha actividade que xere público e que permita seguir producindo películas, sen a necesidade de verte relegado a un modo de produción totalmente marxinal e *amateur*. Non estamos en condicións de ser *amateurs*, xa chegamos a determinados sitios, e xa temos traballado bastante como para seguir sendo

xente que fai cousas como un *hobby*. Iso é o que creo, o que hai que empezar a poñer enriba da mesa.

ÁNGEL SANTOS: Si que estou de acordo en practicamente todo o que se di. Só lembrar que *amateur* vén de amor. É unha diferenza bastante fundamental. Con todo o outro cinema que se produce ou non se produce ou parece que se fai en Galicia. É certo, e non sei cal é a solución, que hai que facer algo para vivir disto, pero creo que é unha diferenza fundamental. Todos eses movementos dos que falaban, que podían ser precedentes ou algo así, e que acabaron medio traballando na industria..., que ben falar de industria aquí! Todo é en termos relativos, é unha das diferenzas fundamentais. Hai unha brecha clara, non é unha reacción a certo cine para logo ocupar o seu sitio. Hai un cine e hai o outro cine, ou hai dúas maneiras distintas de entender o cine, e que nin sequera deberían buscar tratar de enfrontarse a unha á outra, senón que son sistemas distintos, actividades paralelas, e precisamente por iso, porque unha é *amateur*, igual non de afeccionado, senón iso, por amor ao cine, á arte ou a calquera outra expresión.

Non sei, creo que é un dato distinto. Non sei como podemos facer para sobrevivir con isto, a duras penas sobrevivimos algúns. Supoño que hai que ter unha profesión. Non o sei. Ben, só quería matizar iso.

JAIME PENA: Estoy bastante de acuerdo con lo que dice Ángel. A mí realmente me preocupa esa preocupación por el futuro, entiendo que es muy legítimo que la gente quiera vivir de su trabajo, y hacer lo que le guste, y vivir de eso. Pero estoy más de acuerdo con lo que decía Lois antes: yo lo que quiero realmente es que alguien me pague lo que yo quiero hacer. Porque si lo que buscamos es integrarnos en la industria, y por lo tanto provocar un reemplazo generacional, a lo mejor lo que se ha conseguido en estos años –que es una repercusión internacional muy clara e indudable–, lo vamos a echar todo por la borda. Conseguiremos eso, como los que en su día en los años 80 se integraron en la televisión gallega, o se integraron en productoras para hacer un cine más o menos convencional.

Toda la generación de la que hablaba Manolo del vídeo de los 80 se convirtieron en unos señores que seguramente viven muy bien pero de los que no se espera que su trabajo tenga la misma repercusión. Evidentemente, la industria establece una serie de peajes y esos peajes son insalvables. Sería perfecto poder conseguir que todo el mundo tuviera libertad absoluta, esa libertad que precisamente hoy tienen porque no hay ningún condicionante de la televisión, de cumplir con una serie de requisitos de las subvenciones

industriales (no las del talento evidentemente). Y es que esa libertad que se ha ganado, yo creo que se podría llegar a perder, si se aspira a intentar integrarse en la industria. Para mí, parafraseando el famoso lema de la Escuela de Barcelona, “no podemos hacer Victor Hugo, vamos a hacer Mallarmé”.

Yo creo que aquí precisamente esa generación ha demostrado que como “no podía hacer Scorsese, hacía Raya Martin”. Y eso es precisamente lo que ha posibilitado que por primera vez en la historia, el cine que se hace aquí haya llegado a festivales: precisamente porque tenían conciencia de eso y sabían que haciendo Raya Martin, entre comillas, tenían una libertad absoluta. Y lo que sorprende en esta generación, es precisamente que han aprendido esa libertad, y que hoy en día suceden muchísimas cosas que permiten que haya vasos comunicantes entre cineastas de todo el mundo. Que se pueda estar haciendo aquí lo que se hace en Filipinas.

El caso Raya Martin no es anecdótico. Recuerdo como al finalizar la proyección de *Todos vós sodes capitáns*, en la quincena de los realizadores, un crítico americano, muy conocido, Robert Keller, en ese momento corresponsal de Variety, estaba todo entusiasmado por sacarle una foto a Oliver y al equipo de la película diciendo: «este es el nuevo Raya Martin». Evidentemente tenía muy claro qué concepto de cine se estaba viviendo en aquel momento y qué representaba *Todos vos sodes capitáns*. Precisamente lo que tenía muy claro es que Oliver en ese momento estaba demostrando que había un cine internacional que comulgaba con unos criterios y unos conceptos similares.

IVÁN CASTIÑEIRAS: Pensando un pouco no común denominador do que está pasando agora..., é a primeira vez que estou aquí, pero vexo que todos os autores tiveron formación fóra, e volveron a Galicia. Nun camiño moi solitario.

Logo, falando do tema da produción, dese soño que temos todos de que nos paguen por facer o noso proxecto, no que creemos e todo iso... É obvio que sería fantástico, e que polo noso modo de producir seguiremos facendo as cousas así, é dicir, teña ou non teña, tiro para diante, e logo se aquilo ten visibilidade e funciona, ter a esperanza de que detrás diso veña un convite para continuar unha segunda obra, unha terceira, ou o que sexa. Pero penso tamén, pola miña experiencia de traballar fóra, en Francia, Suíza, Bélxica... a situación é un pouquiño a mesma, todos os novos autores están nesa situación, como intentando escalar esa montaña. E esa montaña xa está ocupada polas vellas glorias, as vacas sagradas, etc. etc. Coa diferenza de que neses países hai un apoio moito maior á cultura, non está relegada, a cultura considérase, é importante, hai

unha porcentaxe de axudas moi clara... Aquí en Galicia descoñezo, pero creo que é inexistente, ou case. Entón pregúntome como co Novo Cinema Galego podemos axudarnos a todos, como podemos vincularnos, traballar entre nós, confiar entre nós, xente de aquí que ten uns principios e unha forma de traballar, que si é común.

Ese recorrido é solitario, condicións duras, de traballar moitas horas sen ningún tipo de lucro, con moito amor e moita fe. E que nos dá esa identidade que nos une a todos, independentemente de que cada un teña unha idea ou unha forma de contar unha historia diferente ao outro. Pódenos apoiar, pódenos abrir unha porta, para nós establecer tamén vínculos con outros países, outras institucións etc. E non seguir o noso recorrido solitario, porque cansa.

Eu penso, cando teña fillos, polo carallo vou a estar no monte 15 horas gravando!. Terei que estar cos meus fillos. Tamén vou tendo a sensación de que isto ten un tempo, unha durabilidade, e se non nos organizamos e non creamos unhas estruturas... Eu con 45 anos non sei si poderei ter este estilo de vida. Agora claudico e dáme igual a precariedade, pero de cara a uns anos máis adiante non sei cal sería a situación. Organizarse ou crear algo pode ser importante e fundamental para as nosas futuras carreiras e para o que temos para contar, claro.

MANOLO GONZÁLEZ: Non sei se José Luis Losa quería dicir algo. Creo que si.

JOSÉ LUIS LOSA: Bueno, yo aquí estoy en casa, pero estoy fuera de casa.... en el sentido de que lo que los festivales pueden hacer por este cine. Mi reflexión iría más allá de lo que hacen los festivales en Galicia, que lógicamente es un ámbito endogámico. Esta repercusión que está teniendo en festivales como muy bien decíais, no son Málaga sino Locarno, BAFICI, o Cannes. Se está haciendo un tipo de producto, somos conscientes, desde la trinchera de lo reaccionario en términos estéticos. Se dice que es un producto para festivales, estamos hartos de escuchar este discurso: «Esto es un cine que se hace para festivales pero no tiene público». Y yo creo que lo que decía Martin de ganar el espectador uno a uno, es una tarea titánica y de mucho mérito.

Estamos viviendo ahora, por no salir fuera de España, el fenómeno Almodóvar y El Deseo. Cómo competir con este tipo de cine que está ganando prestigio en festivales y cómo vencer ese *leitmotiv* de la reacción que dice: «es cine para festivales». En cierta medida es un éxito, pero hai que dar un paso más para evitar que eso sea utilizado con afanes torcidos. En este sentido, de que sea material para festivales.

MARTIN PAWLEY: Hai algo que está sobrevoando. Que é o deste cine para festivais fronte a un cine industrial. Eu nego á maior, o cine que hai é este, enfronte non hai nada, non digo que non poida existir, pero hai moi poucas cousas, se entendemos por cine industrial un cine que é sustentable e rendible *per se*. Porque xustamente hai unha masa de espectadores aquí e acolá, que permite que se manteña e se sosteña. En Galicia non existe, salvo en fenómenos moi puntuais.

Algunhas das produtoras de teórico éxito nas que podemos pensar, se miramos os números de espectadores deses filmes, dámonos conta de que son números bastante raquíuticos, e nalgúns casos mesmo poderían ser comparables cos que poderían acadar este tipo de «películas para festivais» nos festivais. E iso é algo que hai que empezar a ter en conta, negar a maior, negar o feito de que hai cine industrial, e cando o haxa, ou cando haxa un cine industrial que funcione, será magnífico para todos, porque fará que a xente poida gañar un diñeiro xusto polo seu traballo. Pero de momento estamos falando dunha ficción, dunha cousa que non existe ou só existe nas cabezas dos que queren manter un *status quo* que lles vén moi ben. Mentres lles vaia ben, que agora que lles empeza a ir non tan ben pois se dedican a outro tipo de negocios, nalgúns casos, ou se retiran aos cuarteis de inverno. Esa é a idea que hai que ter na cabeza. Non somos os raros, somos os únicos. Iso para empezar.

Sobre o que dicía Iván, efectivamente, a idea é que a etiqueta sexa acolledora e permita que a xente se sinta cómoda, dentro dela. Hai exemplos recentes de cinematografías practicamente inexistentes para nós, como o exemplo de Filipinas, da que non se sabía nada ata hai ben pouco... Ou o caso máis emblemático é o de Romanía nos últimos anos, a partir de varios éxitos consecutivos en festivais como Cannes, con filmes como *A morte do señor Lazaresku*, *4 meses 3 semanas e 2 días*, etc., que acaba converténdose nunha cinematografía inevitable en calquera festival que se prece. Unha cinematografía que durante moitos anos apenas existía ou tiña unha repercusión mínima aos ollos dos cinéfilos, incluso dos máis atentos, pasa a ser co tempo inescusable, non hai festival que se prece que non intente ter unha boa película romana, igual que no seu tempo, os cines asiáticos: Corea, Tailandia....e oxalá pase iso co cinema galego, de feito estou seguro que para unha película galega, hoxe é mais fácil abrirse ocos en festivais, despois de *Todos vos sodes capitáns*, despois de *Vikingland*, despois das curtas de Lois en Roma etc.

Xa hai unha primeira bandeira cravada, e se pode facer a enumeración e a observación de que non estamos a falar dunha cousa ao chou, estamos falando de moitos casos,

películas que se estrean mundialmente fóra e non chegan alí de rebote, gabadas por alguén que lle dixo alguén que eran boas, senón que os primeiros que as ven din: «válenme perfectamente para estar neste festival competindo con outras películas doutros lugares e outros autores». E iso é tamén interesante, insisto, é un momento tamén de sacar peito, no contexto do estado. Quen pode dicir nos últimos anos que hai un corpo de títulos e filmes feitos nestas condicións e nestas circunstancias con tanto éxito e con tanta repercusión crítica no ámbito dos festivais e das filmotecas e demais fóra? Non hai no País Vasco, nin sequera en Cataluña, que ten unha industria moito máis sólida.

Iso é algo que hai que anunciar e congratularse. E ogallá algún día as institucións públicas galegas empecen a poñerse medallas por isto. Todos renunciámos orgullosamente ás medallas a cambio de que apoien decididamente non só a produción, senón a exhibición das propias películas e a difusión fóra de Galicia. Porque tamén estamos vendo que moitas destas películas se exhiben en festivais internacionais, e van cunha man diante e outra detrás. Sen que ningunha institución pública galega se dea conta de que é unha magnífica oportunidade de vender a “marca Galicia” polo mundo adiante, é un momento perfecto. Dentro dunhas semanas hai un importante festival en Latinoamérica que vai ter unha nutrida representación galega. Son 3, iso é bastante nutrido comparado con outros anos.

Ao mellor é un momento magnífico para que a alguén se lle ocorrera facer un folleto, por exemplo, de filmes galegos para ter alá. Non é mal sitio nin mal momento. E iso non se fixo case nunca. Ou se se fai, faise cunha especie de rutina de «aquí entran todos». Chegamos a un momento no que hai que empezar a elixir. E non todo é igual e non podemos meter todo no mesmo saco porque hai uns criterios obxectivos, como a repercusión internacional, que é medible, que hai que valorar e recoñecer.

MANOLO GONZÁLEZ: Hai poucas mulleres no cinema galego, así que Diana...

MARTIN PAWLEY: Hai poucas mulleres no cinema en xeral...

MANOLO GONZÁLEZ: Diana, como representante, que opinas? Como ves o asunto?

DIANA TOUCEDO: A verdade é que me está interesando moito todo o que estades a comentar. Sobre todo, o que me gustaría engadir, eu estou fóra, estes exemplos xa ocorreron en Cataluña. Entón, tamén estaría ben botar unha ollada aos lugares onde ocorreu algo semellante en diferentes momentos. Jaime comentaba o da Escola de Barcelona como exemplo moi anterior, pero agora mesmo tamén hai figuras dentro da

producción que están sendo moi clave no territorio catalán. Penso en Miñarro, por exemplo, todo o labor que el está a facer internacionalmente. Non só se debería promocionar este cinema a través de xente coma vós que estades en produción ou distribución ademais da crítica. Moitas veces toda esta visibilidade ven dos críticos e programadores, ata certo punto, pero non vexo, ou descoñezo, o pilar base que creo que todos os autores debemos ter: os produtores, para que nos axuden tamén a conseguir esta visibilidade. Non só os cartos para conseguir facer o que queremos facer, senón tamén para que aínda que sigamos traballando nesta precariedade, como diciades, polo menos obter unha mínima visibilidade. E non sei se hai máis, creo que faltarían estes produtores, distribuidores, que estean aí á cabeza promocionando tamén a todo este mar de talento que hai aquí.

JAIME PENA: Sobre lo que decía Diana quería comentar una cosa. Creo que uno de los síntomas más claros de que las cosas están cambiando en Galicia en los últimos años, es que por primera vez los directores y los autores se han impuesto a los nombres de los productores. Esta era una de las grandes anomalías del audiovisual gallego, el peso que tenían los productores siempre por encima de los directores. Las figuras públicas eran los productores y nunca los directores. Ahora por fin en este cine sin producción, son los autores los que por fin se imponen de alguna manera, y realmente si ha habido un cambio generacional en los cineastas, tendría que haber un cambio generacional también en los productores. Básicamente para que puedan surgir figuras como Miñarro y poder entender este fenómeno y apoyarlo para conseguir que estas películas se hiciesen de otra forma y sin perder personalidad, que tuviesen viabilidad en un mercado internacional.

No estoy hablando de un mercado gallego ni español, creo que estas películas sólo van a ser viables seguramente con sistemas de coproducción internacional que garanticen esa financiación y permitan que sobrevivan. Manolo lo sabe mejor que yo, porque tiene más experiencia en esto. Pero dando clase en el máster de producción y gestión audiovisual de La Voz de Galicia, te encuentras normalmente con esos aspirantes a productores, que sus expectativas son integrarse en la industria, producir para TV. Lo entiendo perfectamente, pero de repente este año me he encontrado por primera vez con gente con otro tipo de ambición y que le gusta otro tipo de cine. Y quieren hacer proyectos tipo Kaurismaki, y a veces se encuentran con que incluso los propios tutores les dicen: «Kaurismaki, ¿eso a quien le interesa?» Realmente hai un cambio o se está empezando a producir, o eso quiero pensar. A lo mejor soy demasiado optimista en esto, pero poco a

poco, esto irá calando también, y esta gente que se integra en la producción a lo mejor lo que le interesa es hacer proyectos con Oliver, con Lois, con Xan etc . Y no les interesan tanto los de la generación anterior. Quizá en ese momento se produzca ese gran cambio que todos estamos esperando, y a lo mejor el *amateurismo* y la industria se integran por primera vez.

IVÁN CASTIÑEIRAS: Dende logo que podemos estar á espera de que haxa partos de produtores. Eu dubido moito que chegue nun curto prazo, sigo apostando pola idea de que nós somos os nosos propios produtores, somos os nosos propios autores, e iso creou unha liña nos nosos traballos moi clara. Oxalá exista ese tipo de producións que estean máis preto do realizador, pero vexo que iso, a curto prazo, quizais polo meu pesimismo, non é posible.

Dígoo unha segunda vez, ten que haber unha organización, ten que haber algo tan simple como unha base de datos, que nos dea visibilidade, non? Aí nese territorio hai 10-20-30 persoas que saben traballar, son profesionais. Hai que buscar a maneira de organizarnos entre nós, establecer unha base de contacto, non sei se o Play-doc é un referente, pero de momento está a selo, estanos a conter a todos aquí, estamos a discutir, a falar. E, non sei, eu parto máis da organización entre nós, como primeiro paso, e logo, oxalá, aparezan produtores de fóra, de dentro, xente que se está formando e que ten desexo de entrar a contar historias. Non sei, foi a miña reflexión.

MARCOS NINE: Un matiz só. Miñarro en toda España é un... Ogallá saian moitos produtores. Eu tampouco sei se hai novas xeracións de produtores interesados en facer outro tipo de películas.

O que si quería matizar sobre cousas que se dixeron antes, sobre a compatibilidade entre traballar dentro e fóra da industria e poder gañarte a vida traballando dentro da industria. Saír fóra, non é tan fácil, non é tan fácil como poder facer. Teoricamente debería ser posible, iso é algo aceptado, dende logo en Galicia non é así. É algo bastante difícil. Se ti te dedicas a ter un tipo de produción, e nun momento fas esa produción e non ten nada que ver como modelo industrial, dalgunha forma iso te condiciona, e o que provoca que teñas un difícil retorno. Eu, de feito, seino de sobra, porque me movín entre producións industriais e auto-producións. Aquí temos un problema, o de intentar transmitirlle á industria que ti es un profesional e que como tal tes dereito a traballar dunha forma profesional e gañarte a vida, se queres, facendo calquera tipo de produtos.

E despois, que non consideren unha ameaza que ti fagas outro tipo de historias. Porque aquí en moitos casos un dos grandes problemas que hai con respecto ao Novo Cinema Galego e a xente que se auto-produce, é que son considerados pola industria unha ameaza! Polo que falabas ao principio, porque se lles dedica un 8% das axudas públicas, porque non poden rabuñar unha parte do pastel, e rabuñar unha parte do pastel é algo que unha empresa non está disposta a ceder. Hai que facer un exercicio de madurez e transmitirille á industria que eles mesmos se poden nutrir de que unha parte deste sector vaia por un lado distinto ó deles e abran camiños por outras partes. Quería matizar simplemente iso.

MARTIN PAWLEY: Penso que non hai espazos para termos medios. Tal e como van as cousas no cinema hoxe en día, eu creo que os espazos son *Avatar*, e no outro lado James Benning. E que xustamente o máis complicado é ese terreo lánguido, intermedio, que ata agora subsistiu, porque o cinema tradicionalmente tiña unha gran masa de espectadores e de consumidores, e que era relativamente fácil de financiar ata hai algún tempo. Pero na actualidade as cousas son máis complicadas. Probablemente cada vez vai ser máis claro definir o que é un produto que ten unhas claras aspiracións comerciais e que polo tanto ten que enfrontarse a iso con todas as súas armas.

Dos produtos que van buscando outro tipo de público, hai que dicir que existe, porque moitas veces se fala como se as pezas de Lois non tiveran público. Eu son público de Lois, e aquí hai uns cantos que son público de Lois. Seguro que non somos tantos como o que teñen outro tipo de películas ou outro tipo de autores, pero si existimos, e iso hai que reivindicalo con orgullo. Eu quero ver as películas de Lois, e as películas de Xan, as de Marcos, as de Ángel, e teño o mesmo dereito a reivindicar a miña vontade de ver o que fai Diana como o de calquera outro a ver as producións de Jerry Bruckheimer. É dicir, existimos, ese público de «raritos» que vemos cousas «raritas», haino en todas partes, e hai en todos os lugares do mundo, e somos xente bastante aberta e temos a mesma curiosidade por cousas que se fan aquí como cousas que se fan en Filipinas.

Polo tanto, as películas transcenden fronteiras con certa naturalidade, certa facilidade. Xustamente non están tan apegadas a eses criterios máis comerciais, a esas fórmulas máis convencionais de comercialización, e lles permite así fluír con certa naturalidade polo mundo adiante. Eu creo que o que vai ter máis dificultade de supervivencia non son os pequenos roedores, seguramente só algúns grandes dinosauros sobrevivirán con certa facilidade, e o problema son os mamíferos intermedios, os elefantes, que son máis, en fin,

abatidos con moita frecuencia por xente poderosa. Os elefantes son os que o van a pasar peor, seguramente porque son os que teñen menos facilidade de manobra...

BELI MARTÍNEZ: Retomando algunhas cousas que se comentaron desta idea de cine independente. Gustoume unha das cousas que dixo Miguel Gomes en Vila do Conde, falaba de cine independente e de cine dependiente. Sempre están a falar de nós como os *indies*. E o outro cine, no cine industrial, en Galicia, salvo excepcións moi contadas, é cine dependiente. Iso hai que telo moi claro, e nós dependemos de axudas igual que eles.

E despois tamén, con Jaime, o tema de que chegara un novo alumnado pedindo iso. Creo que a formación é básica aquí en Galicia en este momento, todos os autores deste momento formáronse fóra, aquí hai tres facultades de comunicación audiovisual, tres ou catro escolas de imaxe e son. Que pasa? Como son eses plans de estudos, que modelos se están a estudar e cal é a nosa realidade?. Pola miña experiencia, moitas veces o que se está a contar son mentiras. Mentiras de que todo o mundo aspira a ser o megaproducer, a uns modelos que non teñen vixencia. Entón habería que revisar eses plans de estudos, incluso impulsar a formación de determinados modelos de produción. Eu dou clases de documental, e chega un momento en que din: «é que falas un documental moi moderno». Ben, e de que vamos falar? E iso hai que pensalo, creo que nos esquecemos ás veces.

MANOLO GONZÁLEZ: O da formación dá para moito, non acabaríamos na vida. De todos modos ten razón, Jaime. Este ano, no máster, eu levo moitos anos meténdolle unha caña de carallo respecto á necesidade de produtores interesados no estilo que estades a contar, Luis Miñarro. Pero nunca consigo que a xente aprenda. Este ano hai un par de persoas que seguramente confirmen o que dis. Hai un par de persoas que entenden moi ben este asunto, por primeira vez, e que teñen moi claro ese camiño. Tamén a min me sorprende, o digo por reafirmar o que se dixo aquí. Aproveitando que está aquí Cans, por que non aproveitades para facer un galpón *friki* do Novo Cinema Galego, por exemplo?.

ALFONSO PATO: Encádraos directamente nos *frikis*. Vai ter razón Pawley en que sodes uns «raritos». Antes quería dicir unha cousa con respecto ao que se está a falar aquí con respecto ás axudas, á educación e á televisión incluso. Todo iso metido no mesmo caixón, que son os festivais tamén. Ao fío do que di Beli, todo necesita unha redefinición, todo este modelo, aínda que non hai ningún modelo. Todo isto, o que sexa. Primeiro, porque a nivel institucións leva moito tempo descabezado, e non sei canto tempo seguirá sen que ninguén tome, non só unha decisión sobre a distribución dos recursos que hai,

senón tamén unha decisión de por onde tirar ou que tipo de cousas se van apoiar. Eu creo que iso non necesita un xestor que veña dunha construtora. Ao mellor pode ser moi bo, eu non o sei, para facer recortes cunha tesoiria e que lle queden os puntos moi ben recortados polo xeito que lle mandan, pero se necesita outra cousa, unha estratexia.

Cando houbo o bipartito case chegou a habela, digo case porque non era perfecta, pero estíbese aproximando a poder aflorar. Se ti apoiás unha nova obra audiovisual de novos talentos, que teña un espazo visible na televisión pública, e ao mesmo tempo que iso teña un circuíto de festivais, que haxa, como houbo no seu momento, unha convocatoria de axudas a festivais públicos, e que todo se faga cunha certa transparencia e que todo o cubra un mesmo circuíto.

Agora ben, todo iso, que levou moito traballo facelo, e como dicía Pawley antes, todo isto que se está recollendo, que vén daquela época, practicamente estamos recollendo os últimos lodos que había daquela época, porque xa son as últimas colleitas que estamos facendo.

De aquí en diante, eu creo que a opción é a do francotirador independente, que é o que está pasando alí, ou un terreo ermo absolutamente, ou seguir dependendo do que estades dicindo. Eu vexo na selección de Cans que moitos autores traballan fóra directamente, quero dicir, o que se ve na porcentaxe de produtos, de curtas, etc., todo o que sexa apoiado pola administración é absolutamente mínima. Por non dicir nula. Non o sei aínda porque se está facendo a selección.

Polo que estou vendo, iso todo variou, hai outra cousa que é o fin do idioma. Iso foi unha cousa do bipartito e agora se acabou. Quero dicir que non hai nin galego, cadaquén fai o que pode e non habendo axudas, guías, ou xente que apoie, que pode facerse nunha lingua?. Iso está en absoluta extinción desgraciadamente. É unha forma de observar que estou vendo por riba ó grosso. Con respecto ó do galpón... Iso eu faleino nomeadamente co gran Oliver Laxe, máis dunha noite que enganchamos co día. Entendo que é un tipo de cine que está moito máis próximo ó documental ou á non ficción, ou como queiramos definilo. Estamos a 10 km de Tui, e a un mes de diferenza. Nós cremos que, precisamente, iso que falas da biodiversidade de creadores, ten que ver cos festivais tamén, que temos cada un en certa medida en como sobrevivimos. Unha das cousas nas que non nos metemos moito da non ficción, o documental e tal. E porque temos aquí un festival que é mes e medio antes e que este ano cumprimos 10 anos, Play-doc cumpre 9, e que ademais estamos pegados. E creo que tirar moito polo docu, tendo este festival ó

lado... Por iso tamén decidimos, por outro lado tamén porque son longametraxes, que non é o mesmo velas aquí nestas cómodas butacas da área panorámica que nun tablón e caixas en Cans, entre outras cousas por iso programamos cousas moi fragmentadas. Esa é a resposta.

J. M. SANDE: Vou facer un comentario e tres observacións simplemente.

O comentario é que igual detecto excesiva afinidade entre os que estamos aquí. Dalgunha maneira o que explicaría a primeira das observacións: esa barreira insalvable entre iso que chamamos, se é que existe, industria, en calquera caso débil, dependente, e estas propostas que son máis audaces. Creo que esa distancia é insalvable porque non temos foros directamente onde atoparnos, ou polo menos onde dialogar. Creo que hoxe non foi unha conversa ensimesmada porque creo que xurdiron cousas moi interesantes. Si que se detecta unha excesiva afinidade entre todos os presentes.

A segunda observación ten que ver cunha análise de como se desenvolven as cousas nun dos sentidos que tratábamos, que eran as demandas ante as institucións, ante o poder público e neste caso, comentar a absoluta inanidade das asociacións gremiais, digamos, nese caso, si ensimesmadas, que existen neste lugar.

E un último, que ten que ver con aspectos de difusión e polo tanto tamén de expansión destas propostas audaces, e que sería unha das eivas momentáneas, deste, entre comiñas, Novo Cinema Galego: a necesidade de canles de difusión e distribución, da ampliación desas canles. Era simplemente iso, non entendido como crítica, que estamos os que estamos, pero si que falta ese diálogo posible coas outras partes, os elefantes, ou a chamada industria, pero tamén as propias institucións.

PELA DEL ÁLAMO: Eu a verdade e que acabo de chegar agora mesmo e non podo coller o fío do debate. Pero ben, abalanzándome de forma atrevida e vendo un pouquiño ese fío polo que ían os tiros da conversa, a miña opinión pode parecer un pouco frívola, pero é que eu agora directamente penso que a administración é algo que non existe. Ata hai pouco si que creo que había que facer o esforzo de facerlles entender, de intentar facer algo conxuntamente, pensar nunha estratexia que poña en valor todo o que está ocorrendo. Pero ben, como creador teño que dicir que eles o perden.

Non creo que esteamos ante os últimos andazos de nada. Eu creo que aquí a xente traballa dende a convicción, dende a necesidade de escribir, de crear, de traballar, e aquí se van seguir facendo as películas, estea quen estea no goberno, haxa unha

administración, ou haxa nada, como o que hai agora. Partindo deste punto, creo que non hai que perder demasiados esforzos ou enerxías no tema da administración.

Creo que si é importante aproveitar todas as estruturas que se foron xerando ao longo destes anos, os contactos, as experiencias que foron acumulando os compañeiros, creadores, produtores, críticos... para facer máis sólido este núcleo, este momento da historia de Galicia, para que siga vivindo. Pero tamén depende xustamente de nós, eu penso que a administración non pinta nada, a día de hoxe, e ben, se de repente cambiara, houbera un apoio, e houbera un fluír común, pois benvido. Pero penso que vai pasar moito tempo ata que iso ocorra. Ogallá me equivoque. Así que nada, eu penso que isto é algo que non vai morrer en breve porque cada vez hai máis ganas de traballar e de facer cousas, hai proxectos que están funcionando, que van ser realidade en pouco tempo. Non me preocuparía da situación, asumindo que é a que hai, estamos vivos, así que a tirar para diante.

IVÁN CASTIÑEIRAS: Chamoume a atención que aquí a compañeira notou que había un pesar no ambiente. Parece que vivimos, non sei se como galegos que somos, esa dúbida existencial, ese drama, de «ui, estamos mal!» Non, eu creo que estamos de puta madre, eu creo que nunca estivo mellor e que temos que celebrar e ser conscientes de ata onde estamos a chegar, que é a hostia, e saír de aquí cun sorriso e unha boa predisposición, crer e acreditar e ir para diante.

Comparto contigo que a institución non sei que significa nin onde está. Pero si seguir esixindo, e por que non facer unha acta desta reunión, publicar un acta disto, publicar as nosas premisas, as nosas opinións, e que sexa público. Que serve para algo ou non. Dá igual, nós seguiremos tirando millas porque creo que temos corda de recorrido, pero ben, por que non traballar paralelamente? E sobre todo hai recordar que é o momento máis doce da cinematografía galega, así que vaiamos para diante.

VICTOR HUGO SEOANE: Pois eu sinto como Iván que realmente estamos vivindo un momento de toma de confianza. Todos estes anos deron a este novo movemento de xente moza que recibiu esa confianza e ese ser consciente das nosas posibilidades dentro dunhas condicións difíciles e que cada vez o serán máis.

Dende logo cada vez é máis necesario reforzarse nesa confianza e ver que neste diluvio que está caendo a supervivencia vai estar nesa forza, en cada un de nós, en todos, no apoio entre nós, e nese amor, esa necesidade de facer o que cremos que hai que facer e

que temos que facer, entón máis alá de todo o que veña, que vai ser complicado seguro, hai que seguir. Dende logo creo que esa forza común que se está xerando vai ser o que nos dea a posibilidade de seguir existindo e seguir facendo.

MANOLO GONZÁLEZ: Se ninguén quere dicir nada máis, digo algo por pechar. Levo moitos anos mirando as películas do audiovisual galego, dende o ano 75 todo o que se vai facendo funo mirando. E sempre digo, tanto en privado como en público, que as películas que vin nestes últimos 5 6 anos, feitas pola xente que representa o Novo Cinema Galego, para min foron as que máis me interesaron como espectador e como persoa. É unha percepción subxectiva e persoal, pero non o podo deixar de dicir: nos últimos 30 anos o audiovisual máis interesante son todas as películas aquí representadas. E o digo publicamente. Felicítovos a todos por iso. E nada, moito animo e a seguir neste asunto. Está moi ben que haxa este tipo de encontros da xente, é terapia de grupo, está moi ben, e se trata de darnos ánimos mutuamente. Eu estiven en moitas charlas do audiovisual galego e toda a xente sae chorando, pero aquí a xente sae optimista, todo o mundo segue facendo cousas e con ganas de dar caña.